



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA, CELEBRADA NO EDIFICIO DE CAMPOLONGO O MÉRCORES DÍA 27 DE ABRIL DE 2016

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, CSIF, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial e o Xefe do Servizo Xurídico, que fai as veces de Secretario, por baixa do titular.

Comeza a xuntanza ás 10.00 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Aprobación actas anteriores, 27 xaneiro, 2 de marzo, 9 de marzo.

Apróbanse definitivamente as tres actas, incorporando varias modificacións suxeridas por CIG e STEG.

2. Asuntos pendentes das xuntanzas anteriores.

2.1. Zonificación Pontevedra.

Aínda non se deu resposta aos centros que presentaron alegacións. O proceso demorará ata entrado o curso que vén.

2.2. Cuberta pavillóns CEIP As Solanas-A Guarda.

Están xa todos os trámites cumprimentados e nos próximos días o Conselleiro e o Alcalde asinarán o correspondente convenio. As obras faranse durante o verán e deberían estar rematadas entre setembro e outubro de 2016.

2.3. IES Xoán Carballeira: as prazas de Estética cóbrense con Perruquería.

Consultada a Dirección Xeral (Canosa), o XT indica que se pode facer esa equivalencia á hora de dotar postos porque no pasado ambas eran unha mesma especialidade.

3. Vacantes.

3.1. CEIP Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro: solicitude vacante EP, xubilación hai 3 anos.

Non se vai ofertar esa vacante no CXT como definitiva pola exiguua matrícula do centro.

3.2. Previsión de desaparición dos CPIs: Caldas de Reis, IES Aquis Celenis, CPI Alfonso VII.

O Xefe Territorial indica que, de momento, ningún CPI se vai suprimir no vindeiro curso 2016-17. Coméntase a peculiar situación do CPI Ribeira de Louro. Non se sacan definitivas no CXT nese centro por esa peculiaridade.

3.3. IES Montecelo, matemáticas.

CSIF defende que se saque esa vacante e o XT replica que se cubrirá cun provisional porque non se sabe moi ben que vai pasar coa FPBásica no inmediato futuro e prefire non dar definitivas que logo poidan converterse en suprimidas.

3.4. CEIP O Foxo de A Estrada: solicitude vacante EP, aparece na relación de vacantes e non

se adxudica.

Na adxudicación provisional, di o XT, si que aparece esa vacante adxudicada.

3.5. CEIP Pl. Domaio. Por que as dúas vacantes de EP saen como bilingües?

Finalmente só 1 das vacantes saíu con perfil bilingüe, como se solicitara desde o centro.

CIG formula petición de dúas vacantes máis:

1 de LG de mestres de primaria adscritos a 1º ciclo de ESO no IES Pedras Rubias (Salceda)

1 de Matemáticas no IES Xunqueira II de Pontevedra, por resultas.

4. Que medidas se adoptarán c@s alumn@s que acaban 3º de ESO en PEMAR?

XT responde que pasan a 4º de ESO ordinario e que tanto desde a consellaría como desde os centros haberá que adoptar as medidas psicopedagóxicas e académicas oportunas para garantir que poidan culminar estudos. Nese sentido coida que a propia Consellaría emitirá unha circular con instrucións sobre o particular para o vindeiro curso.

5. Zonificación Vigo. Atención con carácter de urxencia ás demandas de transporte de algúns centros.

O XT responde que non lle consta ningunha petición ao respecto de centros de Vigo.

6. Eliminación de administrativ@s nos centros de secundaria.

STEG denuncia o proceso polo que se están eliminando postos de administrativos en varios centros de secundaria da provincia (IES Val do Tea, IES Miguel Á. González de Carril, etc.) para reubicar eses administrativos en centros de Primaria. Trátase de “vestir un santo desvestindo outro”. O criterio meramente numérico de dotación de administrativos (2 postos en centros de + de 660 alumnos en secundaria; 1 posto en centros de primaria con máis de 300 alumnos) non é o único que deba terse en conta, pois a complexidade e a variedade de ofertas educativas existente nalgúns centros con menor número de alumnado debería ser tamén tidas en consideración. Podería pensarse ademais en reforzar a secretaría/administración dos centros puntualmente en determinados meses do ano en que a carga de traballo se acumula.

O XT sinala que esa decisión de eliminar postos de administrativo en centros de secundaria depende de Función Pública e non de Educación, mais comprométese a dar traslado da queixa.

7. Convocatoria do Comité de Saúde Laboral.

STEG reitera a súa petición, formulada xa en anteriores sesións, de que se convoque o Comité de Saúde Laboral, que non se reúne desde hai case un ano. Como se alegou nalgún momento que non había temas para tratar, STEG achega dous en concreto que poden xustificar a convocatoria: a problemática da tramitación dos accidentes “in itinere” (asunto que xa formulou anteriormente CSIF) e unha denuncia dunha traballadora dun colexio de Cerdedo por presunto acoso laboral por parte da Dirección presentada en febreiro do ano corrente, que pode servir de punto de partida para protocolizar determinadas problemáticas e funcionamentos nos centros que están na base desa denuncia.

CSIF considera que dentro do propio Comité sería conveniente a creación dun Subcomité ou Comisión que puidese encargarse dos temas que afectan especificamente ao colectivo docente. En todo caso, sería un tema máis a incluír na orde de traballos desa xuntanza do Comité que tamén CSIF demanda que se convoque xa, como STEG.

8. Problemas co docente encargado do comedor de CEP Panxón e do CPI Panxón.

O XT recoñece a existencia dese problema e convocará en breve unha reunión cos directores de ambos centros implicados para procurar unha solución definitiva a esa situación.

9. Auditorías da inspección educativa aos departamentos.

CC.OO., STEG e CIG transmiten numerosas queixas de centros de secundaria de toda a provincia por mor da actitude dalgúns inspectores a respecto da elaboración das programacións e da súa orde de refacelas a estas alturas de curso. O XT toma nota destas queixas.

Sobre este tema, a propia Permanente da Xunta de Persoal, reunida despois da xuntanza, acordou presentar e facer público o seguinte escrito

- a. Desde que se implantou a LOMCE as programacións están a causar numerosos problemas nos centros.
- b. O curso pasado as maiores dificultades presentáronse nos centros de Educación Primaria.
- c. Este curso a mesma problemática reproducéase nos centros nos que se imparten ciclos formativos, educación secundaria e bacharelato.
- d. Por outra parte, as distintas inspeccións de zona non sempre transmiten os mesmos criterios.
- e. No mes de abril en varias zonas da provincia a inspección convocou claustros e remitiu correos electrónicos con novas instrucións esixindo reformar as programacións antes da finalización do curso 2015/2016.
- f. Consideramos intolerábel que a estas alturas do curso, o profesorado sufra as consecuencias do exceso de celo por parte dalgunhas inspeccións de zona.
- g. Esiximos a retirada das ordes comunicadas nas últimas semanas aos centros sobre modificación das programacións.

10. Vacante Escola Restauración Pontevedra.

Varios sindicatos expresamos a nosa protesta pola vacante na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, Pontevedra, do corpo 595, especialidade 506 (Conservación Restauración de Documento Gráfico). O XT sinala que el non informou esa vacante e responsabiliza totalmente á Dirección Xeral de Centros da saída desa vacante no CXT.

Recórdaselle que o Pleno da XPD-Pontevedra celebrado o día 6 de abril aprobou por unanimidade que:

1. Esa vacante desvirtúa o concurso de traslados, xa que non foi solicitada polo centro nin pola inspección.
2. Corresponde a unha especialidade que nin se imparte nin se vai impartir, extremo este admitido pola Consellaría.
3. Todos os feitos apuntan a que a vacante foi creada “ad hoc”.

En consecuencia o Pleno decidiu:

1. Condenar a actitude antialogante e a falta de transparencia da administración educativa.
2. Esixir que se anule a vacante de Conservación e Restauración de Documento Gráfico na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais e que se cancele a adxudicación provisional á persoa implicada.

A Permanente da XPD-Pontevedra solicitou da XT que trasladase esta resolución á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos con especial fincapé na esixencia de anulación da vacante e cancelación da adxudicación provisional.

11. Rolda de intervencións.

CIG pregunta polo ascensor no IES Meendinho e o XT resposta que hai informe negativo da Unidade Técnica ao respecto.

CIG pregunta pola previsión de feche da escola unitaria de A Moreira-Mañufe-Gondomar e o XT resposta que se ten menos de seis alumnos/as fechará, efectivamente.

CIG quere deixar constancia de que o criterio da XT foi demasiado restritivo na resposta que deu á demanda de vacante de Latín no IES Sánchez Cantón, que finalmente a Dirección Xeral de Centros sacou a concurso.

ANPE cuestiona o permiso para a celebración dun concerto no colexio de Arbo no próximo verán, por ser unha actividade na que se consumirá alcohol. CIG manifesta o seu desacordo absoluto con esa posición de ANPE. O XT sinala que aínda non está concedido ese permiso por parte da Consellaría, pero que xa ten o visto bo do Consello Escolar do centro por unanimidade e non hai a máis mínima queixa ou denuncia por parte das autoridades en edicións anteriores dese festival, que se celebra fóra do horario escolar e no período vacacional. ANPE insiste en que esa actividade nun centro vulnera a lexislación e promete levar o tema ata as últimas consecuencias.

CSIF pregunta se hai previsión sobre a data de comezo das oposicións e o XT responde que, en principio, comezarán o día 21 de maio.

CSIF pregunta polo criterio a aplicar coas itinerancias: quilómetros percorridos ou distancia de centro a centro? O XT sinala que o segundo, distancia de centro a centro.

O XT informa da resolución dun expediente sancionador por falta grave con imposición de 15 días de suspensión de emprego e soldo.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 12.40 horas.